

EXENCIÓN DO MÓDULO DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN CENTROS DE TRABAJO

**Real Decreto 1657/2010, de 10 de decembro, BOE nº 318 do 31 de decembro de 2010.
Modificado polo Real Decreto 189/2013, de 15 de marzo, BOE nº 69 do 21 de marzo de 2013.**

Estarán exentos de realizar este módulo os alumnos que acrediten unha experiencia laboral de alomenos **tres meses**, que se corresponda coas capacidades recollidas no citado módulo do certificado de profesionalidade.

A experiencia laboral acreditarase da seguinte maneira:

- **Traballadores asalariados:** Certificación da Tesorería General da Seguridade Social, do Instituto Social de la Marina ou da mutualidade á que estiveran afiliados. Onde conste a empresa, a categoría laboral (grupo de cotización) e o período de contratación, e certificación da empresa onde adquiriran a experiencia laboral, na que conste especificamente a duración dos períodos de prestación do contrato, a actividade desenvolta e o intervalo de tempo no que se realizou dita actividade.
- **Traballadores autónomos ou por conta propia:** Certificación da Tesorería General da Seguridade Social ou do Instituto Social da Marina dos períodos de alta na Seguridade Social no réximen especial correspondente e unha declaración responsable de cumprimento dos requisitos para a exención do módulo de prácticas coa descripción da actividade desenvolta e intervalo de tempo no que se realizou a mesma.
- **Para traballadores voluntarios ou becarios:** Certificación da organización ou empresa onde se prestara a asistencia na que consten, especificamente, as actividades e funcións realizadas, o ano no que se realizaron e o número total de horas adicadas ás mesmas.

A solicitude de exención máis a documentación que se acompañe se presentará na Secretaría do Centro.